

EXPERIENCIAS SOSTÍBEIS NO MONTE GALEGO



Día da Biodiversidade 2015






Cousa de raíces

Esta publicación foi elaborada no marco da campaña "Cousa de Raíces" en defensa do bosque galego, e con motivo do Día Mundial da Biodiversidade do ano 2015.

-Data de publicación: 22 de maio de 2015
 -Coordinación: ADEGA
 -Maquetación: Deseño Publicolor

Índice

Introdución	5
Experiencias sostíbeis no monte galego	
1. Amarelante (Manzaneda).....	6
2. Apis Nova (Verea).....	7
3. Bealia (Pol)	8
4. Montes de Borreiros (Gondomar)	9
5. Bosques Naturales S.C. (Gondomar)	10
6. Monte Cabalar (A Estrada).....	11
7. Montes de Candeán (Vigo)	12
8. Monte de Carballo (Friol)	13
9. Montes de Couso (Ponteareas)	14
10. Fontiña das Laxes (Cervo)	15
11. Fragaira Froitos Silvestres (Negreira)	16
12. Montes de Goó (O Íncio)	17
13. Granxas Lousada S.C. (irixoa)	18
14. Montes de Meira (Moaña)	19
15. Montes de Mouriscados (Mondariz)	20
16. Montes de Nebra (Porto do Son).....	21
17. Montes de Parada de Achas (A Cañiza).....	22
18. Montes de Paraños (Covelo).....	23
19. Monte de Penamá (Allariz).....	24
20. Montes de Petán (A Cañiza).....	25
21. Montes de Vincios (Gondomar).....	26
22. Sofragal S.C. (Nogueira de Ramuín)	27



“Cousa de Raíces” é unha campaña que xorde por iniciativa do colectivo ecoloxista ADEGA pero que está aberta á participación de todas as persoas, entidades e colectivos dispostas a traballar baixo un mesmo obxectivo: defender o noso bosque a través do seu coñecemento e posta en valor. Preto de 50 entidades, colectivos, asociacións e investigadores se sumaron xa a esta causa, que continúa recollendo apoios.

O principal obxectivo da campaña é o de aumentar a **conservación das nosas masas de árbores autóctonas e o coñecemento sobre a súa necesaria existencia**, tamén como recursos produtivos e de creación de emprego.

“Cousa de Raíces” quere devolver ao noso bosque o valor que ten, a todos os niveis (ambiental, económico, social, cultural, paisaxístico, etc.), contando coa participación e apoio dos diversos sectores interesados e comprometidos coas masas arbóreas autóctonas, porque as reivindicamos, porque as estudamos, porque as cuidamos, porque as precisamos para vivir.

Este ano 2015 no Día da Biodiversidade, desde “Cousas de Raíces” queremos presentar unha serie de iniciativas que se están a desenvolver por todo o territorio galego de posta en valor do noso monte máis alá do seu aproveitamento madeirábel. Queremos dar a coñecer estas iniciativas que demostran a gran potencialidade do monte galego, a súa multifuncionalidade, a súa capacidade de xerar recursos, actividade económica e social, a súa enorme riqueza. E queremos facelo con proxectos reais que xa están a funcionar e que saíron da iniciativa popular, dos veciños e veciñas comuneiros, de colectivos sociais, do emprendemento privado, da xente que vive e quere ao noso rural e ao monte galego.

Queremos agradecer a todos os colectivos e asociacións que forman parte de “Cousas de Raíces” pola súa implicación no proxecto e a súa colaboración na elaboración deste pequeno documento. En especial a ORGACMM, OVICA e AFG así como a outros membros da campaña, por facilitarnos os contactos de moitas das experiencias que se recollen neste documento, que pretende ser só unha pequena mostra de todas as experiencias sostibles de posta en valor e aproveitamento do monte galego. É por iso polo que convidamos a seguir completando este documento e a que contacten con nós outras comunidades, colectivos, particulares, empresas ou sociedades que queiran que a súa experiencia sostible apareza recollida nesta listaxe.

“Cousas de Raíces” segue aberta á participación e apoio dos diversos colectivos, asociacións, empresas e entidades que queiran colaborar na procura dos seus obxectivos. Animádevos a participar, os nosos bosques estavos agardando.

Entidades adheridas á Campaña Cousa de Raíces:

ADEGA, ADENCO, AGA, AGRUPACIÓN MICOLÓXICA A ZARROTA, ALIBÓS, ARTEU, AFG, ASOPORCEL, AGCT, ASOC. PATRIMONIO DE CASTROVERDE, BANDULLO ECOLÓXICO, BÉTULA, CARBALLO VIVO, CASTIÑEIRO E NOGUEIRA, CDR ANCARES, CENTRO INVESTIGACIÓN LOURIZÁN, CHAO DE CASTRO-ALTAIR, COLECTIVO TERRA, COVA DA TERRA, CULTURA DO PAÍS, CVMC DE LOUSAME, CVMC SOBREIRAS DO FARO, CYCLOWOOD, EIRA DA XOANA, ENARBORAR O BOSQUE, ERVA, ESTRUGA, FACTORÍA DE IDEAS, FEG, FORO DO CAMIÑO, FRAGAS DO MANDEO, FROUMA FORESTAL, FRUGA, GRUPO HÁBITAT, HIFAS DA TERRA, QUERCUS SONORA, MARIÑAPATRIMONIO, MILHULLOA, NATURVIVA, ORGACMM, OVICA, PETÓN DO LOBO, PLATAFORMA SARRIANA POLO RÍO, POLITÉCNICA (CAMPUS LUGO), POSADA MARRÓN GLAÇE, PROXECTO MONTENOSO, PROXECTO NEO, RIDIMOAS, RÍOS CON VIDA, SGO, SOBREIRAS DO ULLA, TESOUROS DE GALICIA, VERDEGAIA.





Amarelante (Manzaneda)

- Nome: Amarelante Sociedade Cooperativa Galega
- Concello: Manzaneda
- Parroquia: San Martiño
- Contacto: Sonia Couso Fernández, 606 226 291, amarelantescg@gmail.com

-Breve descripción da iniciativa:

Posta en marcha dunha cooperativa de explotación comunitaria da terra que se encarga da recuperación de soutos abandonados para o seu aproveitamento comercial.

Amarelante Sociedade Cooperativa Galega é unha entidade composta por 10 socios e socias cuxo obxectivo principal é a recuperación de soutos para a produción de castaña e posterior comercialización, ben en fresco, ou ben como castaña seca e certificada co selo da Indicación Xeográfica protexida Castaña de Galicia.

Polo de agora a nosa cooperativa xestiona 7,5 Ha de castiñeiros. A nosa actividade comezou en 2013 e pouco a pouco fomos limpando soutos e podando castiñeiros. Recollemos tres variedade de castañas (Amarelante, Negral e Rapada), aínda que o 75% é Amarelante.

Todos os traballos se realizan de xeito manual, tamén a recollida do froito xa que o terreo é pendente. Aínda que lle custou comezar, agora xa nos ofrecen máis soutos para o Proxecto.

Na campaña 2013-2014 vendemos a castaña en fresco a través dun intermediario e no futuro queremos secar a castaña para fariña.



Desde o punto de vista ambiental, contribuímos á restauración de soutos e a previr os incendios forestais. Desde a óptica económica, estamos contentos, ademais contamos cunha subvención de Desenvolvemento Rural de Manzaneda para compra de maquinaria a 5 anos.



Apis Nova (Verea)

- Nome: Apis Nova
- Concello: Verea
- Comarca: Baixa Limia - Serra do Xurés
- Parroquia: Gontán
- Contacto: Davide Outeiro, 696 532 995, artabro@gmail.com

-Breve descripción da iniciativa:

Explotación apícola en parcelas de monte cedidas por particulares.

Esta experiencia na que agora participan dous socios, foi promovida por Davide Outeiro Castiñeira, entre os concellos de Verea e Lobios, nunha das zonas máis deprimidas de Ourense, baixo o nome de Apis Nova.

Trátase dunha explotación apícola que se desenvolve en parcelas de monte cedidas aos titulares da explotación por particulares, ao estaren en abandono e constituíndo un risco para os incendios forestais. Posúe 227 colmeas neste momento, pero a pretensión é duplicar o número antes de finais de ano.

A explotación dedícase fundamentalmente á produción de mel de alta calidade, e ampliaremos a nosa produción a pole, propóleos, etc. En 2014 recollemos 3 toneladas, agardando ampliar esta cantidade en función da dispoñibilidade de terras e recursos.

As especies da zona ás que adoitan recorrer as abellas son silvas, ericas e carballos.

Ao final de cada campaña, Apis Nova paga un arrendamento en especie ou con produtos da explotación aos propietarios que cederon as súas parcelas, os cales están moi satisfeitos.

Non utiliza produtos químicos, senón que a produción está baseada no fondo coñecemento e estudo da bioloxía das abellas e os seus inimigos e na busca de zonas onde o medio estea menos alterado.

Apis Nova, actualmente está a construír unha sá de extracción e envasado de mel.





-Nome: Beealia
 -Concello: Pol
 -Parroquia: Valonga e Mosteiro
 -Contacto: Joan Alibés, 619 032 791, beealia@gmail.com
 -Máis información: www.facebook.com/beealia, www.beealia.com

-Breve descripción da iniciativa:

Introdución de ovino e cabrún en parcelas de monte abandonadas ou cedidas polo Bantegal para a posta en valor da produción, vendida directamente ao consumidor a través da súa páxina web.

Arrancamos "La Cabreta" no ano 2008 con 7 parcelas do Banco de Terras de Galicia (26,5 ha), toda a superficie eran restos de concentración parcelaria con máis de 20 anos de abandono e moitas "sorpresas" por descubrir.



2006 2009

No ano 2008 solicitamos a axuda á incorporación de moz@s á agricultura. A finais de 2008 iniciamos a transformación das terras (desbroces, e transformacións a pradeira de 10 ha) e o peche dalgunhas fincas (peche fixo con malla ovelleira e 5 arames de pastor eléctrico).

Nesta configuración de superficies (prado e monte) pensamos que a mellor especie que se adaptaba eran as cabras, así que no 2009 mercamos un rabaño de 140 cabras sen raza definida, coma o 99,9% das cabras de Galicia. No ano 2013 diversificamos a produción con 30 ovelas.

A nosa gandería afecta a dous propietarios/arrendatarios. Agora ampliamos ata as 30 ha de pradeira. O obxectivo é xerar ingresos para un dos integrantes da parella, ademais de facelo con gandería extensiva. Cun sistema respectuoso co medio ambiente e pensando ben todos os pasos que se dan. Isto nos permite, en parte, vivir no rural e do rural.

Ao iniciar a venta dos cabritos atopamos a situación do sector: os pequenos tratantes impoñen prezos e non deixan marxe para valorizar os cabritos producidos en base a pasto. Por isto xuntámonos coa gandería Veiga de Luaces (Quico Ónega López e Andrea Ferreiro Fernández) para comercializar cordeiro e cabrito producidos en base a herba, nun sistema de produción controlado.

Para iso creamos Beealia (a comercializadora) e rexistramos as marcas de calidade Cordeiro e Cabrito Atlántico. O noso lema é que a o Cordeiro e Cabrito Atlántico é Saudable, Sostible e Próximo: Saudable porque a carne producida en base a pasto ten menos graxa e máis ácidos graxos omega 3 e 6. Sostible polo sistema de produción respectuoso coa contorna. Próximo pola relación directa cos produtores (2 polo de agora).

De cara ó futuro estamos a poñer en marcha un selo de Custodia Agraria, coa AGCT e poder así certificar o sistema que estamos utilizando e mellorar a relación coa nosa contorna.



La Cabreta

-Nome: CMVMC de Borreiros
 -Concello: Gondomar
 -Parroquia: Barreiros
 -Contacto: Latino Rodríguez Areal, 636 054 910, latino.borreiros@gmail.com

-Breve descripción da iniciativa:

Procurar o desenvolvemento das tres funcións complementarias do monte necesarias para lograr un equilibrio de sustentabilidade: a ambiental, a social e a económica.

Dende a Cde. entendemos o monte veciñal coma un importante elemento da identidade galega, así como tamén unha forma de posuír a terra diferente, é dicir, unha forma ancestral, prehistórica de posuír a terra, que ademais cumpra coas tres funcións complementarias necesarias para lograr un equilibrio de sustentabilidade: a ambiental, a social e a económica. Polo tanto, aínda que a explotación forestal é a máis importante, só para lograr que se poidan desenvolver as outras, que para a comunidade teñen mais vantaxes, aínda que as veces non se aprecien. Deste modo dentro da explotación forestal estamos intentando un equilibrio de especies apostando polas frondosas autóctonas diminuindo as plantacións de eucaliptus e loitando contra as especies invasoras coma as acacias ou mimosas e promovendo outros elementos de interese social:



- Contamos cunha área de lecer, composta cun centro cultural, un campo de fútbol, unha pista polideportiva, parque infantil, merendeiro, xogo de bolos galegos. Dende aí hai sendeiros para poder percorrer todo o monte.
- Promovemos unha actuación no castro da Pedra Moura, para por en valor os restos arqueolóxicos que existen no moso monte, que eran descoñecidos incluso para moitos dos veciños da parroquia. Esta consistiu en facer un estudo da situación na que se atopaba o castro e visualizar tres construcións do mesmo complementadas con paneis informativos, onde se explica a idade do xacemento, para que serven as pezas atopadas e os sistemas defensivos do mesmo.
- Fixemos unha microrrización dunha hectárea de piñeiro coma proxecto experimental para saber si no noso monte se dan os cogomelos e así poder ter outra fonte de ingresos.
- Creamos postos de traballo que son para os veciños da parroquia que están desempregados.
- Colaboramos coa asociación de veciños en organizar eventos culturais e de lecer.
- Formamos parte de Mancomunidade de montes de Val Miñor e da ORGACMM.
- Participamos na recuperación da microtoponimia da parroquia.



Aínda sendo unha comunidade pequena e de poucos recursos intentamos defender este tipo de propiedade que está en perigo sobre todo polas políticas de gobernos especuladores. En definitiva estas son as cousas que dende aquí levamos a cabo.



-Nome: Bosques Naturales S.C.
-Concello: Boimorto.
-Finca: A Mota
-Contacto: Andrés Regúlez Mochales, 913 604 200, andres.regulez@bosquesnaturales.com
-Máis información: www.bosquesnaturales.com, <http://bosquesnaturales.blogspot.com.es>,
<https://www.facebook.com/pages/Bosques-Naturales/60414583363>

-Breve descripción da iniciativa:

Proxectos de investigación e desenvolvemento para o uso mixto forestal de especies de gran valor engadido con densidades de plantación moi baixas en conxunto con pastoreo extensivo de gando ovino en zonas de monte ou agrícolas abandonadas.

Como empresa de ámbito forestal, "Bosque Naturales" dedícase á xestión, mantemento, seguimento e investigación de plantacións de nogueira e cerdeira como de especies produtoras de madeiras nobres de alto valor.

O obxectivo é producir no menor tempo posible madeira de calidade mediante procesos de selección de material vexetal e diversas técnicas arborícolas e agronómicas, que conceptualmente se denomina "silvicultura intensiva".

"Bosques Naturales" ten a día de hoxe preto de 1.400 hectáreas de plantacións de madeiras nobres e máis de 300.000 árbores plantadas en fincas da súa propiedade de A Coruña, Cáceres, Girona, Toledo, Cuenca e Navarra.



No concello de Boimorto, na finca da Mota ten 456 Ha plantadas con máis de 125.000 árbores de nogueira e cerdeira. Foi a primeira das súas experiencias dentro da sociedade e é a máis extensa. Anteriormente as fincas estaban dedicadas fundamentalmente ao uso agronómico-gandeiro, así como ao forestal nalgúns casos.

Para a caracterización da fincas desta zona, situadas a uns 25 km de Compostela, realizáronse diversas calicatas onde se observou unha capa superficial cun alto nivel de materia orgánica de aproximadamente uns 40-50 cm de espesor. A unha profundidade de 20-25 cm atópase un perfil de solo franco ou franco-areoso. Así pois, o 85% da superficie ten as características anteriores, e outro 12% da superficie ten un nivel freático medio, así como capas racheadas de subsolo máis pedregoso e afloración de rocha nai no restante 3%.

Como dato significativo, podemos dicir que esta plantación fixará da orde de 84.000 toneladas de CO₂ ao longo do seu ciclo produtivo (20 anos).



-Nome: Monte Cabalar
-Concello: A Estrada
-Parroquia: A Somoza
-Contacto: Fuco X. Barreiro, 638 104 441, fuco@montecabalar.com ou montecabalar@montecabalar.com
-Máis información: www.montecabalar.com, facebook: [montecabalar@montecabalar.com](https://www.facebook.com/montecabalar@montecabalar.com)

-Breve descripción da iniciativa:

Xestión cooperativa contra os incendios, o abandono e o minifundio.

O monte Cabalar é un macizo que acada os 650 m de altitude na zona centro occidental de Galicia (concello de A Estrada). Un monte comunal que, a través da partición, pasou a propietarios particulares cunha superficie media por parcela de 0,16 ha.

O minifundio e a intensificación da agricultura, a fins dos 60, levaron ao abandono do monte, deixándose de rozar e de pacer. O mato acumulado transformouse en carga combustible, iniciándose a fins dos 70 o ciclo dos grandes incendios. O último no monte Cabalar foi en marzo do 2005, arderon 250 ha.

A cooperativa Monte Cabalar hoxe integra máis de 360 soci@s propietari@s participando con achegas de terra, con capital ou traballo. No modelo da cooperativa de explotación comunitaria da terra achamos o instrumento idóneo para acadar a unidade de xestión que, superando o minifundio, nos permite intervir sobre o abandono e o lume para tornar produtivos os montes.

- Desenvolvemos un modelo gandeiro, forestal e agrícola de recuperación de superficie en abandono .
- Xestionamos a zona alta do monte cunha explotación gandeira en extensivo de máis de 720 ha pechadas para aproveitamento gandeiro con rotación de bestas, vacas e porcos.
- Realizamos ordenación forestal a través da xestión conxunta.
- Recuperamos superficie agrícola abandonada para cultivos complementarios da explotación gandeira.
- A excelencia é a nota que caracteriza a produción do gando que pastorea en liberdade nos nosos montes, sendo ademais un sistema cunha importante función ambiental. Na carne de poldro obtemos pegada de carbono cero e o mellor valor nutricional: é baixa en calorías e graxas saturadas, alta en proteína, ferro e omega 3.
- Entre os diferentes produtos que elaboramos, destacan pola novidade e boa acollida os elaborados de poldro: salchichón, chourizo e crema.





-Nome: CMVMC de Candeán
 -Concello: Vigo
 -Parroquia: Candeán
 -Contacto: Xoán Colazo, 650 704 428, xandosmudos@sapo.pt
 -Máis información: <http://www.montesdecandean.org/>

-Breve descripción da iniciativa:

Recuperación do patrimonio e roteiros arqueolóxicos; recuperación medioambiental; plantacións de oliveiras e eliminación de flora invasora.

Dende a nosa Cde. levamos entendendo o monte veciñal como un importante elemento da identidade galega que cumpre tres funcións complementares: a económica, a social e a ambiental. Por tanto, a explotación forestal é só unha parte dos intereses que nos moven á hora de decidir que destino darlles aos nosos montes, e dentro desta procuramos a variedade de especies, loitando contra aquelas máis prexudiciais para o ambiente. Así temos iniciativas dende hai tempo como as seguintes:

- Posta en valor dos elementos arqueolóxicos existentes no monte, a través da escavación, musealización e creación dun roteiro que percorre as mámoas de Candeán.
- Integración de tres charcas existentes no monte no proxecto Charcas con vida, de ADEGA. (<http://www.charcasconvida.org/charcos-em-portugal>).
- Plantación de 1950 oliveiras no ano 2013 en 1,1 hectáreas de monte veciñal, antes ermo, que se restaurou, xa que fora obxecto de verteduras de podas. Preténdese a partir do vindeiro ano obter a primeira produción de aceite a través do convenio suscrito cunha empresa galega.
- Loita contra a acacia, que infestou e aínda resiste en boa parte do monte veciñal, e plantación ou rexeneración natural de moitas especies de árbores diferentes (carballos, bidos, castiñeiros, cerdeiras, salgueiros, amieiros, tileiros, maceiras, pseudotsugas, liquidámbar, secuioias, . . .), parte delas no parque forestal de 25 Has. que ocupa unha cuarta parte do monte veciñal, das que 18 Has. están conveniadas co Concello de Vigo.
- Recuperación da microtoponimia de toda a parroquia en colaboración co Concello de Vigo.



Alén disto, cara ao futuro estanse estudando proxectos de explotación dunha pequena cabana de cabras galegas que axuden a manter limpo o monte e controlada a existencia de especies arbóreas invasoras como é a acacia. Parte do comentado pódese comprobar na páxina web e no diverso material que editamos (libro "Candeán memorias dunha parroquia", 2 números da revista "O carballo protector" e material relacionado coa escavación das mámoas).



-Nome: CMVMC de Carballo
 -Concello: Friol
 -Parroquia: Carballo
 -Contacto: Ángel Buján Zas e José Manuel Carballo, 982 216 099 / 647 084 545, carballovivo@gmail.com
 -Máis información: <http://www.mvmcdecarballo.es/> Facebook: Carballo.vivo

-Breve descripción da iniciativa:

Sistema silvopastoral con gando equino, porco celta e apícola combinado con aproveitamento madeireiro de piñeiro insigne, pinaster e silvestre.

Sistema sostible encamiñado a incrementar a rendibilidade económica social e ambiental do monte e prevención de incendios forestais.



Cabana de Cabalos

A superficie é de 700 Has, da que máis da metade (450 Has) ten piñeiro de todas as variedades (silvestre, pinaster e radiata); tamén destacar que temos 11 Ha de bidueiros, 10 Ha de mestura de frondosas autóctonas e 24 Has de brañas que están dedicadas á conservación de hábitats.

Actualmente, toda a xestión do monte realízase directamente polos 51 comeneiros e comeneiras.

Realizáronse colaboracións con colectivos ecoloxistas para restaurar 1,5 Ha con arborado autóctono. Nas repoboacións que se están realizando, ademais de respectar a vexetación autóctona existente, estamos a crear franxas de vexetación con frondosas con orientación para froito, fundamentalmente castiñeiro, para romper a continuidade das masas arbóreas de piñeirais existentes. O obxectivo é acadar un total de 50 Ha. en todo o monte. Contamos cun Plan de ordenación forestal, sendo ademais o primeiro monte veciñal en man común en Galicia, en obter certificación forestal FSC.

En canto a gando, temos 30 cabezas de cabalo de pura raza galego que se distribúen por unha superficie de 270 Ha de monte. Neste ano 2015 púxose en marcha unha explotación de Porco Celta de 100 cabezas en 30 Ha de monte.

O monte de Carballo tamén produce mel e abellas. Comezamos hai un ano con 12 colmeas e pretendemos acadar unhas 40 a finais de 2015.

En mente para os próximos anos, está intentar poñer en marcha unha explotación con gando cabrún.

Por outro lado, temos o monte acoutado e certificado polo CRAEGA, de forma que nos permita facer a venda directa do cogomelos ecolóxicos.

Tamén queremos poñer en valor os nososelementos máis ligados á cultura e o patrimonio. No monte temos varias mámoas localizadas e que aproveitamos para visitar nos roteiros que facemos polo monte.

Todos os anos realizamos a rapa das bestas, ediversas actividades recreativas orientadas a promocionar os produtos que saen do noso monte.



- Nome: CVMVC Couso
- Concello: Ponteareas
- Parroquia: Guláns
- Contacto: Nemesio Carballido, 678 015 135, info@cousodegulans.es

-Breve descripción da iniciativa:

Iniciativas de posta en valor cultural, social o ambiental: Restauración dos Muíños de Couso e creación de ruta de sendeirismo.

A comunidade de Montes de Couso quixo poñer en valor os elementos culturais do seu monte para uso e goce de todos os que quixesen. Creou unha ruta de sendeirismo durante a cal se atopan varios muíños e aceas restauradas. Teñen unha acea de roda vertical, que aínda funciona e un muíño restaurado que tamén moe con normalidade. Actualmente teñen outros 3 muíños en fase de restauración e un por amañar.



A ruta de sendeirismo

Contan cunha persoa contratada para facer os labores de repoboación e mantemento do monte.

Aínda que a meirande superficie do monte está poboada de piñeiros e eucaliptos, a comunidade tamén dispuxo unha plantación de castiñeiros de 1,1 Ha e outra de cerdeiras de 1,6 Ha.



A moedora, tras a restauración.



- Nome: Fontiñas das Laxes
- Concello: Cervo
- Aldea: Sargadelos
- Lugar: As Laxes
- Contacto: Elisa Pérez, 657 620 767, elisa.sargadelos@yahoo.com.br

-Breve descripción da iniciativa:

A Fontiña das Laxes é un exemplo de como ese eucaliptal que temos ao lado da casa, de escaso valor e fonte de riscos diversos como os incendios, pode ser transformado nun souto para o seu aproveitamento integral por toda a familia.

En 1998, após varias tentativas de comprar unha casa vella de pedra para rehabilitar, ofrecéronnos en Sargadelos un monte, un terreo arborado con eucaliptos e piñeiros maiormente, cunha extensión de 10 ferrados (7500m²), unha inclinación media do 30%, afloracións de masas graníticas, unha boa orientación SO e cuberto de toxos que atinxían mais do metro e medio.

A primeira fase foi de limpeza da broza e tala dos eucaliptos (en tres anos desapareceron os brotes). Tivemos combustíbel durante varios anos. A seguinte fase consistiu en manter a limpeza, recuperar o manancial e facer plantío.

Nos documentos aparecía nomeado como "A fontiña das laxes" e grazas as/aos maiores do lugar soubemos que houbera unha fonte, a súa localización estaba marcada polos bidueiros, e que en tempos da súa memoria fora terreo de cultivo, acabando convertido en eucaliptal.

Fixemos unha repoboación con caducifolias, castiñeiros híbridos micorrizados, amieiros, freixos, carballos, acivros, esvedros, escornabois, algunha froiteira, ameixeiras, cerdeiras, e na zona alta, no lado norte, coníferas.



Co paso do tempo, o terreo foise reverdecendo, á distancia apréciase o contraste desa superficie onde os eucaliptos e os toxos deixaron sitio a unha variedade espontánea que espertou do chan. Pasaron os anos e o cambio é moito grande, sendo o máis impresionante a capacidade de recuperación das especies. Na zona do manancial xurdiu unha masa de bidueiras, salgueiros e carballos de xeración espontánea que, xunto co souto, son as zonas máis frondosas do terreo.



Os castiñeiros teñen 14 anos, dan boa colleita de castaña e cogómelos

Tamén incidimos no arranxo dos camiños, ampliándose e mellorando o firme, ao que accederon tod@s @s colindantes.

Após anos de compromiso ecoloxista, no noso caso a través de ADEGA, sentimos a satisfacción de ter posto na práctica toda a teoría, aprendendo a valorar o que nos rodea e alimenta, unha pequena achega, mais na nosa medida, aquel cacho de terra, intransitábel, agora é a nosa morada.



- Nome: Fragaira Froitos Silvestres
- Concello: Negreira
- Parroquia: Negreira
- Contacto: José Antonio Teiça Pensado, 699 761 644, fragaira@gmail.com
- Máis información: www.fragaira.blogspot.com

-Breve descripción da iniciativa:

Producción ecolóxica de foiteiras arbustivas.

Esta empresa foi constituída en 2009 por José Antonio para a produción de foiteiras arbustivas (arandeiros, amoras, grosellas e framboesas) en dúas parcelas de monte, intercaladas con castiñeiro de froito, nogueiras e abeleiras.

Estas plantacións complementábase coa plantación de fresón en parcela agrícola e o establecemento dun viveiro para a produción de planta de foiteira arbustiva para a súa comercialización.

Traballa tres parcelas distintas, a primeira, forestal, de 1,2 ha está ocupada por castiñeiro e arandeiros e amoras; a segunda, tamén de monte, de 0,9 ha, está ocupada por castiñeiro, groselleiros e framboeseiros; e a terceira parcela, agrícola, de 0,07 ha está adicada ao cultivo de fresón. Nunha cuarta parcela está situado o viveiro de produción de planta e o almacén de froito con cámara de frío.

Os produtos que comercializa son froitos frescos e conxelados. Tamén realiza labores de asesoramento e proxectos para novas plantacións (a persoa que desenvolve a experiencia é enxeñeiro técnico forestal).



Arandeiros e castiñeiros no outono, antes de tirar a folla.

Todos os produtos comercializados por esta empresa contan coa certificación do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (CRAEGA).

Durante a constitución do Proxecto, substituíu 1,2 Ha de eucaliptos por castiñeiros que foron plantados entre os anos 2008 e 2009.



- Nome: PORCO CELTA O INCIO
- Concello: Incio
- Parroquia: Goó
- Contacto: Carlos Gallego López, 646 063 918, porcoceltaoincio@gmail.com

-Breve descripción da iniciativa:

Sistema silvopastoril con porco celta; aproveitamento sostible de soutos de castiñeiros con pastoreo e aproveitamento das castañas con gando porcino do país.

A superficie do proxecto abarca 10 Ha de monte comunal e 30 Ha de monte privado, que está xestionado por 16 comuneiros/as. O Proxecto consiste no aproveitamento sostible de soutos (6 Ha) e carballeiras (2 Ha) a través do sistema silvopastoril con porco celta. Tamén queremos plantar carballo americano e bidueiro (2 Ha).



Actualmente, contamos con 180 cabezas do porco do país e os resultados están sendo moi positivos, ademais de que os veciños/as están satisfeitos/as. O Proxecto permítenos tamén contratar a unha persoa para axudar na xestión do monte.





- Nome: Granxas de Lousada S.C.
- Concello: Irixoa
- Parroquia: Lousada
- Contacto: Sergio Boado, 657 103 467, sboados@gmail.com
- Máis información: <https://www.facebook.com/GranxasdeLousada?fref=ts>

-Breve descripción da iniciativa:

Introdución de vacún, ovino e porco celta para un aproveitamento silvopastoril sostible de parcelas arrendadas de monte.

Somos unha parella que por mor da crise nos lanzamos a un Proxecto de produción ecolóxica e de venta directa ao consumidor.

Temos superficie en monte de 30 Ha e recuperamos moita terra arable. Estamos próximos ao PN das Fragas do Eume. Introducimos 15 vacas, que agora teñen 6 xatos; 13 ovellas e 5 porcos celtas (4 femias e 1 macho) que xa deron 24 crías. Ademais de carne, tamén producimos produtos hortícolas e, en breve, criaremos polos para a produción de ovos.



O terreo está xestionado baixo criterios ecolóxicos, no que se trata tamén de recuperar tanto prados de pasto como bosques. Por exemplo, contamos con 4 ferrados de castiñeiros.

De cara ó futuro, a granxa xa traballa na incorporación dun galiñeiro, cunha parte de cría, outra de galiñas poñedoras e outra de polos de ceba.

Tratamos de que a familia que nos merque poida levar de todo, ofrecéndolles produtos de horta, pero tamén xatos, cordeiros e porcos, ben unha canal, ben media canal e todo con certificación ecolóxica.

Nunha zona onde predominan as explotacións intensiva de leite, nós optamos pola produción en ecolóxico porque é unha maneira de facer algo serio e de que a xente confíe no produto que ofrecemos.

Pese a que antes nos consideraban algo "tolos" por botar a andar un proxecto así, agora suscita interese entre a xente e preguntan pola iniciativa.



- Nome: CMVMC de Meira.
- Concello: Moaña
- Parroquia: Meira
- Contacto: montesmeira@gmail.com
- Máis información: <https://www.facebook.com/comunidade.de.montes.de.meira>

-Breve descripción da iniciativa:

Diversificación das producións obtidas da mancomunidade de montes de Meira, en Moaña, para obter un aproveitamento silvopastoril sostible do mesmo, optimizar recursos e reducir os riscos de incendio.



Neste monte cunha superficie total de 460 hectáreas, substituímos hai 13-15 anos 128 Ha de eucaliptos por piñeiro do país, tras comprobar que os eucaliptais estaban inzados da praga dos gonípteros (gorgullo), segundo un informe técnico encargado ao Centro de fitopatoloxía de Areiro.

Hoxe en día, das 460 Ha, tan só o 20% esta cuberto por eucaliptos que se pretenden substituír por piñeiro do país en breve, segundo chegue o período de corta.

A parte disto plantamos con castiñeiros 20 Ha de monte nas zonas máis profundas. A plantación foi feita hai uns 16 anos e xa conforma un souto onde os veciños o visitan con asiduidade e onde recollen cogordos e castañas.

Ademais, temos en marcha un proxecto silvopastoril a través do que pretendemos introducir gando caprino (cabra galega) no monte, comezando cunhas 100 cabezas, e coa finalidade de acabar as 400 cabezas.

Os cambios realizados nos últimos 15 anos son apreciados e valorados polos 500 comuneiros que conforman a comunidade. Os resultados déixase ver na mellora da paisaxe, na diversificación das producións e no coidado ambiental que é ben acollido pola xente do lugar.

Como anécdota queremos indicar que hai poucas semanas sufrimos un incendio forestal que asolou unhas 42 Ha, das cales 12 Ha eran repoboación de piñeiro. Nesta superficie queimada temos previsto cortar a madeira afectada e repoboar con especies frondosas autóctonas e tradicionais nos mellores solos e fomentar o rexenerado natural do piñeiro nas zonas con peor solo.

En proxecto, temos tamén pensado introducir porcos celtas para que axuden a xestionar o monte, ademais de producir carne de moi boa calidade, e colmeas para a produción de mel.



Por outra banda, temos o inmenso privilexio de acoller no noso monte petróglifos que queremos poñer en valor en canto os nosos recursos económicos nolo permitan, previo estudo do arqueólogo.



- Nome: CMVMC Mouriscados
- Concello: Mondariz
- Parroquia: Mouriscados
- Contacto: Santiago González, 670 022 320, santi.2000@hotmail.com

-Breve descripción da iniciativa:

Granxa de porco celta e vacas cachenas e apicultura.



Vacas Cachenas

A nosa comunidade de montes, composta por 120 comeneiros e comeneiras, xestiona unha 300 Ha de terreo, ao que lle intenta dar diversos usos. En canto ao terreo forestal, temos que dicir que unhas 50 Ha foron repoboadas con especies propias do país, que substituíron plantacións previas de piñeiro e eucalipto que quedaron asoladas por un incendio forestal.

En canto a gando, contamos con 4 porcos celtas para cría, que xa teñen 6 porquiños. Tamén introducimos 9 cabezas de vaca de raza cachena e 25 colmeas para a produción de mel.

Polo de agora levamos pouco tempo intentando diversificar os usos do noso monte, uns 3 anos, polo que é pronto para falar de resultados, pero estamos moi esperanzados.

Por outra banda, conseguimos restaurar uns 12 muiños que percorren a senda que baixa polo Río Xabriña.



A apicultura é un dos nosos referentes



Recuperación de patrimonio



Diversificamos as producións arbóreas



- Nome: CMVMC de Nebra
- Concello: Porto do Son
- Parroquia: Nebra
- Contacto: Santiago Suárez, 659 060 548

-Breve descripción da iniciativa:

Explotación de porco celta en liberdade no monte comunal.

No monte comunal da parroquia de Nebra estase a desenvolver un proxecto onde se xunta o modelo tradicional de aproveitamento do monte con animais, coas máis modernas tecnoloxías. Trátase dun método de silvopastoreo con 50 exemplares de porco celta que se manexan polo sistema de reflexo condicionado de Pavlov.



As instalacións redúcense a un curro duns 1000 m², asociado a unha caseta con placas solares no teito. Estas fornecen enerxía a un sistema de alimentación automática que se nutre dun silo onde está o cereal. Unha porta, tamén automática, abre e pecha o curro segundo nós a programemos no equipo informático instalado na caseta. O sistema conta tamén con cámaras de vixilancia que permiten a observación vía internet.

Os porcos chegan ao curro no monte aos 4-5 meses de idade e permanecen no interior coa porta pechada durante 15 días aprendendo que a comida só aparece nos comedeiros despois dun sinal acústico. É dicir, pasan 15 días "condicionándose". Pasado ese tempo, todas as mañás a porta ábrese automaticamente e os porcos saen do curro para andar, xogar, explorar, comer, bañarse ou deitarse a sombra ou ao sol. Pero sempre que sintan o sinal acústico comezan a segregar xugos gástricos e diríxense ao curro onde saben que vai caer a comida. Isto é o que ocorre xa cara á noite, coa chamada, e cando están a comer, a porta péchase, os animais pasan a noite dentro do curro e desta maneira conseguimos telos controlados.

Cada día que pasa van incrementando o seu percorrido polo monte buscando fieitos, brotes de toxo, uces, ratos, toupas, silveiras, miñocas, raíces, ata completar a longa lista do menú que degustan. A comida que se lles dá no curro é só un efecto chamada para que se recollan todas as noites e teñan quenenza polo sitio. Trátase de que no futuro podamos prescindir dos peches perimetrais, que son moi custosos, e substituílos por estes pequenos curros de control e pernocta.

Con este sistema rózase de maneira natural amplas zonas de monte, quedando as árbores protexidas do lume, con menos competencia polos recursos do chan e moito mellor abonadas. As instalacións están pensadas para trasladalas cada ano, beneficiando a maior parte das 1200 hectáreas desta comunidade de montes.





- Nome: CVMC Parada de Achas
- Concello: A Cañiza
- Parroquia: Santiago de Parada de Achas
- Contacto: César Estevez, 609 207 174, cmparada@gmail.com
- Máis información: <http://cmvmcachas.blogspot.com.es>
- <https://www.facebook.com/pages/As-Fragas-e-Levadas-do-Calvo-e-Deva/547419678606459>

-Breve descripción da iniciativa:

Ruta de sendeirismo "As Fragas e Levadas do Calvo e Deva".

Este monte comunal ten unhas 1142 Ha nas que predomina o piñeiro; no obstante, acolle un sobreiral de 2,5 Ha.

Alén disto, os comeneiros e comeneiras tentaron poñer en valor e recuperar camiños vellos que discorían polo monte, coa conseguinte creación da ruta de sendeirismo "As Fragas e Levadas do Calvo e Deva" PRG165, da que os veciños/as están moi orgullosos/as. A ruta consta dunha parte de circuito pechado de 18 km e outros 6,2 km de circuito liñal. Paseamos polos distintos ecosistemas do val: as fragas dos ríos Calvo e Deva, onde o trazado se transforma en rápidos, fervenzas, pozas e remansos, "poldras", "levadas" e "caldas", polo bosque de sobreiras e por paisaxes de media montaña entre piñeiro silvestre ata culminar na serra que é hábitat de mandas salvaxes.

Tamén se fixo a restauración de 5 muiños.



- Nome: CMVMC Paraños
- Concello: Covelo
- Parroquia: Paraños
- Contacto: Xosé Manuel Sendin, 986 645 768 / 664 244 722, info@montesparanhos.com, xmsendinro@gmail.com
- Máis información: <http://www.montesparanhos.com>

-Breve descripción da iniciativa:

Iniciativas de posta en valor cultural, social o ambiental: Ruta etnográfica do río Xabriña.

Este monte comunal de 300 Ha decidiu erradicar as plantacións de eucaliptos e hoxe en día ten unha plantación forestal de *Pinus pinaster* e algo de pseudotsuga. Conta cun plan de ordenación, polo cal as partes baixas do monte plantadas con piñeiro están sendo substituídas por especies frondosas, que actualmente xa ocupan 5 Ha. Domina esta parte do terreo o castiñeiro e o carballo americano.

O obxectivo final é acadar cando menos que o 30% do terreo forestal produza especies frondosas, como as antes citadas e bidueiro.

Pese a que os comeneiros e comeneiras son preto dun cento, a participación na toma de decisións aínda é reducida, temos que conseguir implicalos máis na xestión do monte.

Tamén se favoreceu a recuperación de elementos etnográficos, como os dous muiños que hai a carón do río Xabriña, por onde tamén discorre unha ruta de sendeirismo de 20 km. Ademais, recuperáronse dous lagares de cera e unha eira de cera.

No eido cultural, pretendemos poñer en valor tamén as mámoas que acolle este monte.

Ao redor do antigo campo de fútbol, grazas á comunidade de montes, creouse un sendeiro de 1km por un parque forestal, alén de un parque infantil e outro biosaudable.



Repoamento con especies autóctonas



Lagar de cera restaurado



- Nome: CMVMC de Torneiros e Amiadoso, CMVMC de Seoane e Concello de Allariz
- Concello: Allariz
- Parroquias: Torneiros, Amiadoso, e Seoane
- Contacto: Bernardo Varela, 988 440 001 / medioambiente@allariz.com
- Máis información: <https://www.allariz.com>

-Breve descripción da iniciativa:

Transformación de zonas ocupadas pola matogueira e un vello piñeiral procedente das plantacións forzosas do ICONA dos 50 (unhas 100 ha), para a súa transformación en pastos para vacas de razas autóctonas.

O proxecto comezou no ano 2000. En primeiro lugar o Concello xuntou e convenceu @s veciñ@s das parroquias implicadas, neste intre estivo á fronte do proxecto Manolo Castro daquela Concelleiro de Medio Ambiente de Allariz, apostaron pola venda dos piñeiros logo de rescindir o Convenio existente co Servizo de Montes, mediante o modelo de subasta. Con parte dos cartos acadados (outros foron destinados a obras comunitarias nas parroquias), as subvencións de axudas para a transformación de superficies de montaña e o respaldo municipal mediante a colaboración com maquinaria e operarios, comezou o peche, e execución dos primeiros apriscos. Así mesmo obtívose a colaboración do Centro de Xenética do Pazo de Fontefiz para o préstamo dos primeiros animais.

Co paso do tempo, apostouse definitivamente pola gandeiría ecolóxica con raza Limiá. E pediuse a colaboración do Centro de Investigacións Agrárias de Mabegondo para o desenvolvemento de mesturas de sementeira adaptadas a unha climatoloxía complexa como é o Monte de Penamá cunha altitude media de 800 m. Chegando a transformarse unhas 350 ha. en pastizais, e construíndo 3 apriscos con manga de manexo e cargadeiro. Ademais de construír un almacén e un tanque de carga de auga para os helicópteros.

Estas accións teñen permitido ao longo destes anos a recuperación da biodiversidade, a recupeación da raza Limiá da cal hoxe posúen os comuneiros unhas 90 exemplares adultos, e as propias praderías teñen actuado como infranqueable cortalumes. Aí mesmo creouse un posto de traballo continuo, máis os temporais dos momentos de incremento de labores no campo, e conseguíuse un fluxo continuo de fondos para as parroquias.



Hai 5 anos froito dunha nova colaboración co Concello xurdiu a iniciativa de criar bois en Allariz, estes bois cápanse arredor dos 6 meses (aprox. 6 cada ano), para a súa cría e posterior cebo aos 5 anos, creando sinerxías de todo tipo, desde etnográficas (desde

o ano 2014, os bois que corren na Festa do Boi de Allariz, volven ser bois criados no noso Concello), ata económicas coa celebración desde o ano 2011 das Xornadas de carne de Boi de Allariz, no mes de outubro que serven de apuntalamento para a hostelería local nun mes habitualmente baixo.

Como conclusión, logo de 15 anos de experiencia, podemos dicir que o resultado é satisfactorio desde o punto de vista económico, social e ecolóxico, permitindo trasladar este tipo de iniciativas a outras zonas do Concello.




- Nome: Porco Celta Deva
- Concello: A Cañiza
- Parroquia: Petán
- Contacto: José Antonio Castiñeiras, 608 390 081, porcoceltadeva@gmail.com
- Máis información: <http://porcoceltadeva.com>

-Breve descripción da iniciativa:

Granxa de porco celta "Porco Celta Deva" en superficie forestal.

Esta granxa de porco celta conta con 200 cabezas a día de hoxe que se alimentan nunhas 90 Ha de superficie de propiedade privada (100 propietarios e 1300 parcelas) e outras 10 Ha de monte comunal. Actualmente, estamos a piques de asinar un contrato para subministrar 500 porcos celtas ao ano, para o que se precisarían unhas 800 cabezas desta raza.



Dentro dun peche perimetral de 12 km, estes porcos aliméntanse do que dá o monte, aínda que se complementa a súa alimentación con trigo, cebada, patacas ou remolacha cando o monte é menos produtivo.

Gran parte dos terreos son carballeiras (90 Ha), onde temos unhas 400 colmeas.

O proxecto está a ser moi rendible e as persoas implicadas están moi satisfeitas. Ademais, a través desta xestión reducimos o risco de incendios.

Con este proxecto tentouse conseguir unha xestión responsable e solidaria co medio, impulsando valores como o respecto á natureza, biodiversidade e buscando ao mesmo tempo que fose sostible. Non puido ser posible sen o consenso de todos os sectores afectados (forestal, gandeiro, veciñal, etc.), grazas ao cal se conseguiu un maior aproveitamento dos recursos e unha maior viabilidade.

A nosa idea para o futuro é repoboar entre 20 e 30 Ha con castiñeiros para a produción de castaña, poñer en marcha un proxecto de granxa-escola e facer unha ruta a carón do río Deva que permita atraer visitantes. Tamén se arranxaron algunhas pistas.

Obxectivos acadados:

- Poñer en valor as propiedades privadas da zona, que estaban abandonadas na súa maioría.
- Reducir o risco de incendios forestais.
- Agrupar os veciños/as para formar parte dun ente único que asegure a viabilidade futura da iniciativa.
- Recuperar a raza autóctona do porco celta.
- Crear un espazo rural de montaña, unha empresa rendible e sostible.



- Nome: CMVMC de Vincios
- Concello: Gondomar
- Parroquia: Vincios
- Contacto: Alberto Covelo, 647 607 837, 986 469 692, c.montes@vincios.org
- Mais información: <http://vincios.org>

-Breve descripción da iniciativa:

Divulgación do patrimonio e roteiros; plantación de frondosas; usos gandeiros e produción de cogomelos e mel.

A Comunidade de Montes de Vincios leva anos promovendo a multifuncionalidade dun espazo vivo, con infinidade de posibilidades tanto productivas como ambientais ou de lecer. Unha contorna especial na que conviven os usos dos recursos naturais coa paixón pola natureza en todas as súas formas e actividades, así como coa conservación das tradicións, dos valores naturais e do patrimonio cultural. Proxectos desenvolvidos:

- Cartografías sensibles. Conscientes da ameaza que supón o descoñecemento dos valores da Serra do Galiñeiro, a CMVMC de Vincios aposta con este proxecto pola divulgación do patrimonio natural, arqueolóxico, etnográfico, histórico e identitario da parroquia de Vincios e os seus montes.
- Repoboación con Castiñeiros. A vexetación que cubría a área de 3 ha antes da repoboación eran fentos e silvas en Campo Redondo. Nas Penices desenvolveuse outra repoboación de castiñeiros en 2,5 ha.
- Proxecto Reforgal. Proxecto que pretende unha innovación ecotecnolóxica nos métodos de reconversión de ecosistemas forestais a través da plantación de 3ha de madeiras nobres.
- Usos Gandeiros: Transformación dun eucaliptal de 5,4 ha nunha área de pasto natural. Outro peche de 7,8 ha dedicadas ao pastoreo de ovellas e carneiros e outra área dedicada ao gando bovino.
- Cultivo de cogomelos. Micorrización de piñeiro de 10-15 anos de idade nunha área de 3,72 ha no monte Galiñeiro do xénero *Lactarius deliciosus* e micorrización de carballo país de 10-20 anos de idade nunha área de 2,75 ha no monte Salgueiro do xénero *Boletus edulis*.
- Banco de terras: Aluguer de terras da Comunidade de Montes a persoas que desexen traballalas a través da Consellería de Medio Rural.
- Apicultura. Dada a orientación oeste dalgunhas superficies que están ao resguardo dos ventos e a proximidade de masas de auga e vexetación de toxo, eucalipto, castiñeiro, etc., danse as condicións adecuadas para realizar labores de apicultura.



- Nome: Sofragal Cooperativa Galega, S.C.
- Concello: Nogueira de Ramuín
- Parroquia: Luintra
- Contacto: José Ramón Feijoo Álvarez, 606 103 114, sofragal.ribeirasacra@gmail.com

-Breve descripción da iniciativa:

Comercialización de castaña e coidado e mantemento de soutos, así como repoboacións de bosques de castiñeiros para aproveitamento de froitos e madeira.

SOFRAGAL Cooperativa Galega componse de 15 socios que tratan de comercializar as castañas que recollen en 8 Ha de superficie nas que conviven castiñeiros con carballos, e que son de tres variedades, con predominancia da "Rial".

Os terreos nos que se traballamos, antes estaban abandonados ou mal atendidos, e tras a creación da cooperativa recuperáronse para a produción de castiñeiros para froito e madeira, contribuíndo ao mesmo tempo, que os soutos estean máis protexidos dos incendios forestais, moi abundantes nesta zona.



Tratamos de que os socios e os demais veciños traten de repoboar con castiñeiro aquelas zonas máis adecuadas para este tipo de árbore. Tamén ofrecemos cursos e charlas sobre como atender, coidar e manter os soutos e que facer para que dean a máxima rendibilidade.

Actualmente, xa temos máis solicitudes para a incorporación de novos socios e socias e estamos en trato con algúns propietarios

para que nos cedan algunha parcela que estea abandonada ou en desuso. Tamén temos pensado adquirir en propiedade maior superficie de soutos.

Nun futuro próximo, construiremos uns secadeiros para a deshidratación da castaña para, posteriormente, poder facer fariña para a alimentación humana e para a venda de castaña en seco. Tamén estamos a valorar a produción de mel e cogomelos, sobre a cal nos estamos informando.



